

FOEXGA 2021-2022

CONVOCATORIA

VISITA FEIRA AUSSI XPONENTIAL

Atlanta, do 14 ao 20 de agosto do 2021

RESOLUCIÓN do 15 de marzo de 2021 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para o desenvolvemento do Plan Foexga 2021-2022, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, así como a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva (DOG nº 58, de 26 de marzo de 2021).

A Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa e o IGAPE convocan a Visita a feira AUSSI XPONENTIAL (Atlanta), prevista do 14 ao 20 de agosto do 2021

VISITA FEIRA AUSSI XPONENTIAL

Atlanta, do 14 ao 20 de agosto do 2021

Expediente: IG202.2021.1.29

- ORGANIZA:** Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa e IGAPE, con a colaboración da AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN.
- COFINANCIA:** FEDER / IGAPE
- SECTOR:** Industria dos sistemas non tripulados aéreos, terrestres e marítimos, e todo o relacionado. Poden obter mais información da feira en: <https://www.xponential.org/xponential2021/public/enter.aspx>
- DATAS:** do 14 ao 20 de agosto do 2021 (a feira e do 16 ao 19 de agosto do 2021)
- DATA LÍMITE DE INSCRICIÓN:** 7 de xullo do 2021

SELECCIÓN DAS EMPRESAS

A selección das pemes efectuarase respectando a rigorosa orde da data da solicitude efectuada, e ata o esgotamento das prazas dispoñibles, sempre que cumpran os requisitos establecidos na convocatoria.

CUSTO

Custe total estimado e o seguinte: 3.000 € + 21 % IVE = 3.630,00 €

Inclúe (1 persoa por empresa): billete de avión, hotel con almorzo, traslados conxuntos aeroporto – hotel – aeroporto, seguro de viaxe, entrada a feira, organización da axenda, parte proporcional do viaxe, aloxamento, traslados, seguro, visado, servizo de acompañamento dun técnico da Cámara organizadora e gastos de organización, información, asesoramento e xestión da subvención.

Son custos estimados e poden variar á baixa ou á alza. Axustaranse en cada caso.

CUANTÍA DA AXUDA

A contía da axuda será dun 90% sobre o importe dos gastos subvencionables.

PLAN DE VIAXE PREVISTO

O plan de viaxe previsto e o seguinte:

Saída: 14/08/21

Regreso: 20/08/21

Outras opcións: Pódense contemplar outras opcións. Consultar ca Cámara

MOI IMPORTANTE: Unicamente se admitiran os gastos de viaxe do persoal da peme participante, entendendo por tal calquera traballador da peme contratado por conta allea, accionista, propietario, administrador ou representante legal, ou persoal contratado doutro modo para labores de internacionalización da empresa. Poderase solicitar documentación xustificativa.

FORMALIZACIÓN DE INSCRICIÓNNS

Data límite de inscrición: 7 de xullo 2021

Para formalizar a inscrición na acción, debe enviar á Cámara de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía a seguinte documentación:

- Solicitud de participación (Formulario IG249 a cumplimentar na Oficina Virtual do IGAPE)
- Copia da acreditación da representación legal (escritura de constitución da sociedade ou escritura de poder)
- Copia Certificados de estar o corrente con a AEAT, TGSS e Facenda
- XUSTIFICANTE DE PAGO a c/c a nome da Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía por importe do custo previsto de participación:
 - Custe total estimado e o seguinte: 3.000 € + 21 % IVE = 3.630 €

DATOS DA CONTA BANCARIA ONDE REALIZAR O PAGO

Banco Santander: ES40 0075 8901 5606 0031 2865
(Titular: Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía)

REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarios destas axudas as empresas que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que cumpran a definición de peme segundo o anexo I do Regulamento nº 651/2014 da Comisión, incluídas as pemes con obxecto social destinado á prestación de servizos técnicos, comerciais ou loxísticos.
- b) Que teñan algún centro de traballo radicado na Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Que estean dadas de alta en programas avanzados de Igape de apoio á internacionalización con informe positivo emitido a partir de 1 de xaneiro de 2013. A solicitude de alta en programas avanzados de Igape de apoio á internacionalización, deberá facerse antes do remate do prazo de fin de execución da actuación, a través do procedemento do Igape IG192.
- d) Os beneficiarios deberán estar ao día das súas obrigas coa Facenda Pública estatal, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social. Tamén deberán cumplir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia para ser beneficiario da axuda, e cumplir as obrigas do artigo 11 da citada Lei de subvencións.
- e) Que cumpran a normativa de axudas de minimis segundo o previsto no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013), para as empresas do sector pesqueiro no Regulamento (CE) nº 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño de 2014, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas de minimis no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L 190, do 28.06.2014) e para as empresas do sector agrícola no Regulamento 1408/2013, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis no sector agrícola (DOUE L 352 do 24 de decembro de 2013).
- f) Que estean ao día de pagamentos adebedados ás Cámaras.

O Igape realizará as comprobacións documentais necesarias para garantir que as empresas beneficiarias teñen a condición de pequena ou mediana empresa, segundo a definición establecida pola Comisión Europea no anexo I do referido Regulamento (UE) nº 651/2014.

Mediante a presentación da solicitude de participación na acción, os beneficiarios aceptan a tramitación a través da entidade colaboradora, que será así mesmo a encargada de informar puntualmente ao interesado sobre o estado da súa petición, os dereitos e obrigas da mesma, e das notificacións recibidas de acordo co establecido no artigo 16.2. O Igape porá a disposición deste programa, unha aplicación no enderezo da internet <http://www.tramita.igape.es> para os efectos de cubrir o cuestionario de solicitude de participación electronicamente.

OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Son obrigas dos beneficiarios, sen prexuízo do disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as seguintes:

- a) As descritas no artigo 6.8 letras a), b), c), e e), obrigas comúns ás entidades colaboradoras:
- a. Encontrarse ao día no pagamento das obrigas coa Facenda pública do Estado, da Administración autonómica, así como coa Seguridade Social.
- b. Someterse ás actuacións de inspección e control que o Igape poida efectuar respecto á xestión destas axudas e que permitan a xustificación financeira ante a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo e ás verificacións do artigo 125 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Consello.
- c. Conservar as solicitudes das empresas para participar na acción e os xustificantes orixinais e o resto da documentación relacionada coa axuda outorgada durante un prazo de tres anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas nas que estean incluídos os gastos da operación. Informarase ao beneficiario da data de comezo dese prazo. Deberán restituír as cantidades percibidas nos casos en que concorra causa de reintegro.
- d. Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas con gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais de contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados con fondos Feder e comunicar ás empresas esta obriga.
 - b) Proporcionarlle á entidade colaboradora todos os documentos necesarios para poder tramitar as axudas establecidas nestas bases, así como acreditar os requisitos ou condicións que determinen a concesión da axuda, no prazo sinalado na resolución de convocatoria.
 - c) Realizar o pagamento das facturas emitidas pola entidade colaboradora antes da data na que deban ser presentadas ante o Igape. Este pagamento debe estar debidamente documentado mediante xustificante bancario, tal e como establece o artigo 20 destas bases. A axuda aboarase a través da cámara unha vez finalizada a acción e cumpridas todas as obrigas.
 - d) Participar nas actuacións que fundamenten a concesión da subvención, así como colaborar e achegar a documentación á entidade colaboradora.
 - e) Comunicarlle á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
 - f) Responder a un cuestionario, a través da aplicación <http://tramita.igape.es>, relativo á actuación realizada, co obxecto de coñecer os resultados do Plan e trasladalos á Unión Europea. O Igape non aboará a subvención ata que se responda ao devandito cuestionario.
 - g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación de fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, durante un prazo de tres anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas nas que estean incluídos os gastos da operación. Informarase ao beneficiario da data de comezo dese prazo.
 - h) Ter a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumplir os obxectivos do proxecto para o que se concede a axuda.
 - i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

GASTOS SUBVENCIONABLES

O gasto subvencionable é o importe facturado polas entidades colaboradoras para a organización e execución dos eventos subvencionables, polos seguintes conceptos e cos límites seguintes de gasto máximo subvencionable:

Concepto subvencionable	Límite de gasto subvencionable para cada peme e acción na que participe
· Cuotas de inscripción nos eventos promocionais non expositivos dos citados no artigo 3.1.b)	Cuota ou fee de inscripción cun límite de 2.000€ por evento.
· Asistencia externa en destino para a realización de axendas e para organización da acción. (Só no caso de que o Igape non poida facilitar estes servizos por medios propios).	

Concepto subvencionable	Límite de gasto subvencionable para cada peme e acción na que participe
<ul style="list-style-type: none"> Gastos de intérpretes para acciones individuais e conxuntas incluida a interpretación virtual. 	
<ul style="list-style-type: none"> Aluguer do espazo, cuotas de participación para as participacións en modalidade virutal, stand e/ou salas para a realización da acción, gastos de decoración básica, aluguer de mobiliario, gastos de mantemento, inserción no catálogo de expositores e outros gastos de servizos inherentes ao evento expositivo. 	
<ul style="list-style-type: none"> Gastos de envío de muestras sen valor comercial e catálogos co seu seguro correspondente tanto para acciones presenciais como virtuais. 	
<ul style="list-style-type: none"> Gastos de organización da acción, información e asesoramiento á peme e xestión da subvención (dossier de mercado, asesorías telefónicas, reunións previas, seguimento da axenda de entrevistas, elaboración de listados, informes, e todas aquelas precisas para a eficiente organización da acción) 	Máximo de 800 € sempre que se trate dunha participación en feira ou misión comercial con elaboración de axenda. No caso de misión comercial sen elaboración de axenda o importe máximo será de 400 €.
<ul style="list-style-type: none"> Viaxe dunha persoa da peme participante. (2 persoas no caso de actuacións das citadas no artigo 3.1.b) 	Límites AnexoV. Datas da viaxe subvencionable: entre a data da convocatoria e a data límite de presentación da solicitude de cobramento.
<ul style="list-style-type: none"> Aloxamento dunha persoa da peme participante en réxime de aloxamento ou aloxamento e almorzo. (2 persoas no caso de actuacións das citadas no artigo 3.1.b) 	Só se subvencionarán pernoctas comprendidas entre as datas das actuacións cun máximo de 5 pernoctas (7 pernoctas no caso de actuacións das citadas no artigo 3.1.b) e tendo en conta os límites indicados no anexo V. No caso de acciones en mais dun país, engadiranse un máximo de 3 pernoctas mais subvencionadas por país, cun máximo total de 12 pernoctas.
<ul style="list-style-type: none"> Traslados grupais ou individuais. 	Só se subvencionarán os traslados dende ou ata lugares onde se celebren eventos agrupados incluidos no programa da misión ou feira e sexan contratados e facturados á cámara como organizador, exemplo traslados aeroporto, traslados a recinto ferial. Quedan excluídos os traslados ás reunións das axendas individuais de cada participante.
<ul style="list-style-type: none"> Custo das entradas a Feiras, congresos ou eventos de recomendado interese e incluidos no programa das actuación. 	Límite de 2.000 €
<ul style="list-style-type: none"> Taxa de visado e seguro de viaxe, incluidas as coberturas de cancelación, e custo de realización de probas PCR ou similares sempre que se consideren obligatorias para a realización da viaxe, dunha persoa da peme participante. No caso das actuacións das citadas no artigo 3.1.b) dúas persoas por peme participante. 	

Concepto subvencionable	Límite de gasto subvencionable para cada peme e acción na que participe
<ul style="list-style-type: none"> Parte proporcional do servizo de acompañamento á acción para apoio técnico en destino. 	<p>Límites: 400 euros/día por acción con independencia do numero de pemes participantes.</p> <p>A prestación deste servizo por parte da Cámara será obrigatoria en calquera actuación agrupada cunha participación igual ou superior a 4 empresas. A cámara poderá solicitar a excepción desta esta obriga que se poderá acordar cando polas características da actuación desprenda que non aporta valor engadido a actuación.</p>
<p>Parte proporcional dos gastos de viaxe e aloxamento das persoas da entidade colaboradora designadas para prestar o servizo de acompañamiento, incluidos os seguros de viaxe, as probas PCR ou similares, e os visados correspondentes</p>	<p>Só se subvencionarán pernoctas comprendidas entre as datas das actuacións cun máximo de 5 pernoctas (7 pernoctas no caso de actuacións das citadas no artigo 3.1.b) e tendo en conta os límites indicados no anexo V.</p> <p>Só se subvencionarán os traslados dende ou ata lugares onde se celebren eventos agrupados incluidos no programa da misión ou feira e sexan contratados é facturados á cámara como organizador, exemplo traslados aeroporto, traslados a recinto ferial. Quedan excluidos os traslados ás reunións das axendas individuais de cada participante.</p>
<p>Límites máximo de gasto subvencionable por todos os conceptos.</p>	<p>Por cada peme beneficiaria e por cada misión na que participe: 6.000 €</p> <p>Por cada peme beneficiaria e por cada evento expositivo no que participe: 25.000€</p>

PRAZO, FORMA DE XUSTIFICACIÓN E RÉXIME XURÍDICO

Para a tramitación da subvención a empresa participante deberá enviar á Cámara de Comercio toda a información que esta necesite para poder xustificar a correcta realización da acción conforme aos parámetros desta convocatoria cando a Cámara o solicite.

O Igape aboará as subvencións á entidade colaboradora para que esta ingrese ás pemes os importes íntegros -sen compensación doutros gastos non elixibles- correspondentes ás subvencións recibidas do Igape, nun prazo máximo de 10 días tras recibir a transferencia de Igape. Unha vez feitas as transferencias das subvencións ás pemes, as entidades colaboradoras deberán remitir ao Igape copia simple das transferencias efectuadas.

Será de aplicación a regulación sobre o réxime de xustificación, pagamento, reintegro e réxime sancionador de subvencións contida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro polo que se aproba o seu regulamento.

PENALIZACIÓN POR BAIXA VOLUNTARIA DA EMPRESA

En caso de **BAIXA VOLUNTARIA DA EMPRESA**, establecense as seguintes penalizacións:

- A- Se a baixa se produce con 40 días ou máis de antelación á realización da acción, a penalización consistirá no aboamento dos gastos incorridos, ata o momento, por parte da empresa.
- B- Se se produce con 39 a 30 días de antelación á realización da acción, a empresa pagará o 50% da aportación establecida para participar na acción.
- C- Se se produce entre o comezo da misión e os 29 días anteriores á realización da acción, aboarase o 100 % da aportación.

Se os gastos reais ocasionados superan as ditas porcentaxes, se lles repercutirán a maiores.

INFORMACIÓN E INSCRICIONES

CÁMARA DE PONTEVEDRA, VIGO E VILAGARCÍA DE AROUSA

Departamento de Comercio Exterior

Endereço: C/ República Argentina, 18 A – 36201 Vigo

Tfno: 986 446295

Fax: 986 435659

E-mail: comex@camarapvv.es